

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introdución

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refirese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», corresponde de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de producción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construcción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contenido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- Unidade 1: Comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán e a necesidade de combater todo tipo de prejuízos neste eido.
- Unidade 2: Procedimentos de adquisición e formación de novas palabras, afixos, relaciones semánticas, valores denotativos e connotativos. Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) da oración simple.
- Unidade 3: Características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise dunha escolma da narrativa universal
- Unidade 4: Os textos expositivos: tipoloxía textual esencial. Por iso, imos dedicar esta unidade didáctica á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos.
- Unidade 5: O ser humano é, por natureza, un ser social: os textos dialogados son dos más utilizados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e imos practicar nesta unidade a súa adecuada producción e comprensión tanto oral como escrita.
- Unidade 6: Esta unidade didáctica dedicarase aos diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afins como a novela gráfica. Coloquio arredor das desigualdades sociais no universo feminino.
- Unidade 7: Competencia comunicativa: imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais más habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.
- Unidade 8: Características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construcción da linguaxe poética, a través de exemplos seleccionados da lírica, dos principais subxéneros e modalidades poéticas. Organizarse un obradoiro de escritura creativa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Unidade 1	A comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán será o punto de partida para promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prejuízos neste eido. Co obxectivo de lograr unha sociedade más inclusiva, tamén realizaremos unha aproximación ás linguas de signos.	10	10	X		
2	Unidade 2	Esta unidade didáctica está centrada na palabra: os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, a utilización de afixos para a mudança de categoría, as relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados... Tamén traballaremos a distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas), e estudaremos a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.	20	21	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
3	Unidade 3	Esta unidade didáctica abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar. Cada alumno/a escollerá un texto, que ha de examinar coa axuda dunha guía de lectura proporcionada polo profesor/a. Realizarase un traballo de exposición audiovisual sobre unha ONG consensuada co docente.	10	10	X		
4	Unidade 4	O uso dos textos expositivos na actividade académica é constante: un libro de texto, os apuntamentos, os exames son claros exemplos. Malia iso, non lle dedicamos moito tempo ao estudo deste tipo de discurso mediante o cal un emisor pretende presentar un determinado tema a un receptor de forma clara e ordenada, para dalo a coñecer e facer que o comprenda. A súa elaboración require un coñecemento suficiente da cuestión tratada e esixe un desenvolvemento progresivo e articulado das ideas. Trátase dunha tipoloxía textual esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística etc. Por iso, imos dedicar esta unidade didáctica á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos.	15	12		X	
5	Unidade 5	O ser humano é, por natureza, un ser social, que necesita constantemente relacionarse coa súa contorna. Para ese intercambio de información, os textos dialogados son dos más utilizados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e imos practicar nesta unidade a súa adecuada producción e comprensión tanto oral como escrita.	15	15		X	
6	Unidade 6	Esta unidade didáctica dedicarase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns. A partir da lectura de novela gráfica, de representacións teatrais, abordaremos as desigualdades sociais do universo feminino.	10	10		X	
7	Unidade 7	O propósito fundamental da materia é que o alumnado remate a educación secundaria cunha competencia comunicativa apropiada. Para iso, non basta con coñecer as regras sistemáticas da lingua, senón que	10	15			X

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
7	Unidade 7	teñen que afianzar os coñecementos que lles permitan emitir e comprender mensaxes de forma contextualmente adecuada. Analizaremos a lingua nas situacións comunicativas reais más habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.	10	15			X
8	Unidade 8	Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construcción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimientos. A través de exemplos seleccionados da lírica actual, veremos os principais subxéneros e modalidades poéticas clásicas e emerxentes, revisaranse co alumnado os mecanismos más significativos de construcción da linguaxe literaria, así como a identificación e valoración crítica dos mesmos. Finalmente, organizarase un obradoiro de escritura creativa.	10	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Unidade 1	10

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán.	PE	60
CA1.2 - Identificar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Iniciará unha aproximación ás linguas de signos.	TI	40
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prejuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación ás linguas de signos.</li> <li>- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Unidade 2	21

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais en función do propósito comunicativo.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada diccionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.	PE	60
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de diccionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.	TI	40
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluirá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de diccionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Unidade 3	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En contos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.	PE	75
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacóns orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos audiovisuais creados na aula.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escollerá un dos textos da narrativa universal actual que integran a escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.	TI	25
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os contos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relationalos con outras expresións artísticas como os anuncios publicitarios revisados na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> </ul>

**Contidos**

- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Unidade 4	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	50
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analogías.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (rexistro), o respecto polas convencións dos textos expositivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.	TI	50
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adequadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coerentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso de diccionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Unidade 5	15

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información más relevante dos textos dialogados.	PE	50
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado será quien de identificar e evitar expresións sexistas ou discriminatorias.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que valorar a axilidade e a naturalidade propias dos textos dialogados e identificar o uso de vocativos, retrousos, interxeccións e exclamacións.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen imponer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.	TI	50
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respete os principios de propiedade intelectual.	Na confrontación de opinións propia dos debates, o alumnado deberá participar con intervencións curtas e dinámicas nas que, tras unha escucha activa, persuada expoñendo as ideas de forma creativa.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
  - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
  - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

## Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, assertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais de Persépole e da súa versión teatral, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidad e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes en Persépole e na súa adaptación teatral, valorando o seu efecto sobre o receptor.	PE	75
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura ambos textos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	En pequenos grupos, o alumnado será quien de producir textos de intención literaria respectando as convencións xenéricas en diversos formatos a partir dunha listaxe de proxectos proporcionados na aula.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escucha activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas da novela gráfica Persépole.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quien de compartir coa clase a análise comparativa entre a novela gráfica Persépole e a súa versión teatral, incidindo nas consecuencias das desigualdades sociais vinculadas á muller.	TI	25
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado establecerá vínculos entre Persépole, a súa versión teatral e outras obras que denuncian as desigualdades de xénero, relacionándoos con outras expresións artísticas como o cómic.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> </ul>

## Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder adecuadamente a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura de textos multimodais propios da Rede e a súa información más importante.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos propios das redes sociais utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	PE	50
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidad, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidad, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferencias entre a información e as opinións.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.	TI	50
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado terá que detectar, como mínimo, os usos sexistas e discriminatorios na linguaxe verbal e icónica.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado utilizará correctamente o dicionario, os manuais de consulta e os correctores ortográficos para a revisión lingüística, ortográfica e grammatical dos textos (signos de puntuación incluídos).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidad e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.</li> <li>- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.</li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e grammatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8	12

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar composicións seleccionadas da lírica actual, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.	PE	65
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos procedentes da lírica actual, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Nun obradoiro de escritura creativa, o alumnado será quen de producir mostras de cadáveres exquisitos e poemas elásticos, en diversos formatos, respectando as convencións xenéricas e artísticas.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Cada alumno/a escollerá dous poemas da escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección, vinculándoos con outras mostras poéticas coñecidas por el/ela.	TI	35
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de compartir coa clase a análise das dúas composicións líricas escoillidas, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os textos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relationalos con outras expresións artísticas como os collage, a pintura e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe</li> </ul>

## Contidos

- específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razonamiento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conjunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de producción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearse en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudiante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades más relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a

lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escucha activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudiantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusóns de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudiantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construcción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non

literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbihas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construcción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obligatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construcción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusóns.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudiados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abrancar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudiados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudiantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obligatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

#### LECTURAS OBLIGATORIAS

Martín Gaite, Carmen: Caperucita en Manhattan. Editorial Siruela (1er Trimestre)

Grenler, Christian: Los 12 trabajos de Hércules. Anaya (2º Trimestre)

Mihura, Miguel: Melocotón en almíbar. Editorial Austral. (3er Trimestre)

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escucha activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)

Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabrvirtual.com](http://www.palabrvirtual.com)

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respuestas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)

Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de ESO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	75	50	50	75	50	65	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	25	50	50	25	50	35	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse tres variables:

- a) Proba/s escrita/s. (60%)
- b) Traballo individual: valorarase o traballo diario na clase ata un 10%, así como a realización dun traballo trimestral con outro 10%. Este traballo pode ser escrito ou audiovisual e expositivo (con rúbricas, escalas de valoración, etc).
- c) Proba oral ou escrita sobre o libro de lectura obligatoria (20%)

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliaciós.
- 2.- A media entre as tres avaliaciós, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliaciós parciais, con aplicación do redondeo. O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación nun punto en caso de elaborar un traballo escrito entre os propostos polo departamento, con valoración positiva, que debe entregar o último día de clase.

En caso de identificación dun alumno ou alumna utilizando calquera método fraudulento, tanto nas probas escritas, como nas tarefas ou traballos realizados, estas cualificaranse con 0. Este feito será sancionado como conduta contraria á convivencia e rexistrarse en XADE.

### Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño de toda a materia do curso. Anteriormente, haberá un exame de recuperación por trimestre.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A materia pendente queda recuperada en calquera dos dous seguintes supostos:

- 1º.- Avaliación positiva nas dúas primeiras avaliaciós da materia no 2º curso. A cualificación, en tal caso, será 5.
- 2º.- En caso de non recuperarse a materia pendente pola primeira vía, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos, previsiblemente a finais de abril ou principios de maio.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os estudiantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e componentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conducta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demás. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razonamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades más complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X				X		X	
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.3 - Educación cívica e en valores					X		X	
ET.4 - Formación estética			X			X		X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes					X		X	
ET.6 - Respeito mutuo e cooperación entre iguais					X		X	
ET.7 - Liberdade de expresión	X				X			

### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establecese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respeito mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Organización dun club de lectura	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X		
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X		
Gravación de podcast con textos literarios	Alumnado do centro de distintas nacionalidades poden gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais.		X	
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.		X	
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.			X
Creación de historias utilizando ferramentas dixitais	Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiran competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para traballar valores como a empatía e a autoestima.			X

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Outros
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporcionase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construcción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requieren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

### **Descripción:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.

- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados